



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 533

IX lexislatura

13 de outubro de 2015

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Aprobación con modificacións

- 38215 (09/PNC-003204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar e promover a participación de todas as persoas galegas e españolas residentes no exterior en todos os procesos electorais que se leven a cabo en España [125617](#)

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Rexeitamento da iniciativa

- 41308 (09/PNC-003432)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dos criterios pedagóxicos e organizativos seguidos para o agrupamento do alumnado de diferentes idades e cursos nunha mesma aula nos centros de ensino público de Galicia [125617](#)

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Rexeitamento da iniciativa

- 29417 (09/PNC-002446)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, e tres deputados/as máis
Sobre a equiparación polo Goberno galego á ratio media da Unión Europea, no prazo máximo de cinco anos, da dotación de prazas públicas de centros de día, residencias para persoas maiores, escolas infantís e centros de inclusión social [125618](#)

- 34684 (09/PNC-002922)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen, e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa profesión de enfermaría [125618](#)

- 40185 (09/PNC-003366)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no novo hospital de Vigo [125618](#)

- 40859 (09/PNC-003412)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras de renovación parcial da residencia de persoas maiores de Caranza, en Ferrol [125618](#)

- 41056 (09/PNC-003425)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas oportunas, en colaboración co Goberno central, para garantir o mantemento da totalidade dos postos de traballo de Vodafone España, SAU [125618](#)

- 41545 (09/PNC-003462)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a posta en servizo polo Goberno galego das unidades e camas pechadas no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, así como a contratación do persoal necesario para garantir unha atención sanitaria de calidade no centro [125618](#)

- 41740 (09/PNC-003471)
Grupo Parlamentario Mixto
Martínez García, María Consuelo
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito laboral existente na empresa Vodafone e o expediente de regulación de emprego que pretende levar a cabo [125618](#)

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 38751 (09/PNC-003251)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel
Sobre as iniciativas da Xunta de Galicia destinadas á inclusión de ferramentas de discriminación positiva nas axudas e subvencións destinadas á planificación sustentable no ámbito forestal [125619](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 40644 (09/PNC-003398)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a proliferación en Galicia da avespa asiática e a súa afectación ao sector apícola [125619](#)

- 41622 (09/PNC-003463)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as medidas estacionais que debe implementar o Goberno galego para controlar a poboación da avespa asiática ou velutina [125619](#)

Rexeitamento da iniciativa

- 35567 (09/PNC-002984)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre a implementación polo Goberno galego dun plan de emprego en materia de investigación, formación e transferencia do coñecemento rural e as medidas que debe recoller [125620](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de outubro de 2015, polo que se acepta a renuncia de Dª María Sol Díaz Mouteira como deputada do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Ourense na lista do Partido Popular de Galicia [09/RCDE-000014] [125620](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 9 de outubro de 2015, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación con modificacións

- 38215 (09/PNC-003204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar e promover a participación de todas as persoas galegas e españolas residentes no exterior en todos os procesos electorais que se leven a cabo en España

BOPG nº 490, do 02.07.2015

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 12 votos a favor, 0 votos en contra e 1 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que:

1. Promova o debate da Proposición de lei do Parlamento de Galicia, tomada en consideración polo Congreso dos Deputados en marzo de 2014, a fin de modificar a Lei orgánica de réxime electoral xeral e rematar coa marxinación da cidadanía española residente no exterior dos procesos electorais nos que teñen recoñecido o dereito a voto.

2. Mentres non se produza ese debate e a conseguinte modificación da LOREG, destine recursos humanos e materiais, e habilite mecanismos administrativos que faciliten e promovan a participación dos galegos e das galegas, e de todos os

españóis, que residen no exterior en todos os procesos electorais que se celebren en España.»

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2015

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 8 de outubro de 2015, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 41308 (09/PNC-003432)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dos criterios pedagóxicos e organizativos seguidos para o agrupamento do alumnado de diferentes idades e cursos nunha mesma aula nos centros de ensino público de Galicia

BOPG nº 524, do 23.09.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2015

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 8 de outubro de 2015, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 29417 (09/PNC-002446)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen, e tres deputados/as máis
Sobre a equiparación polo Goberno galego á ratio media da Unión Europea, no prazo máximo de cinco anos, da dotación de prazas públicas de centros de día, residencias para persoas maiores, escolas infantís e centros de inclusión social
BOPG nº 369, do 06.11.2014

Sométese a votación e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

- 34684 (09/PNC-002922)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen, e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa profesión de enfermaría
BOPG nº 433, do 19.03.2015

Sométese a votación por puntos e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

- 40185 (09/PNC-003366)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no novo hospital de Vigo
BOPG nº 516, do 10.09.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

- 40859 (09/PNC-003412)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras de renovación parcial da residencia de persoas maiores de Caranza, en Ferrol
BOPG nº 520, do 16.09.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

- 41056 (09/PNC-003425)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas oportunas, en colaboración co Goberno central, para garantir o mantemento da totalidade dos postos de traballo de Vodafone España, SAU
BOPG nº 520, do 16.09.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

- 41545 (09/PNC-003462)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a posta en servizo polo Goberno galego das unidades e camas pechadas no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, así como a contratación do persoal necesario para garantir unha atención sanitaria de calidade no centro
BOPG nº 527, do 30.09.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

- 41740 (09/PNC-003471)

Grupo Parlamentario Mixto
Martínez García, María Consuelo
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito laboral existente na empresa Vodafone e o expediente de regulación de emprego que pretende levar a cabo
BOPG nº 527, do 30.09.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2015

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 9 de outubro de 2015, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 38751 (09/PNC-003251)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre as iniciativas da Xunta de Galicia destinadas á inclusión de ferramentas de discriminación positiva nas axudas e subvencións destinadas á planificación sustentable no ámbito forestal

BOPG nº 510, do 28.08.2015

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 13 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a introducir en todas as ordes de convocatoria de axudas e subvencións relacionadas co ámbito forestal as ferramentas necesarias de discriminación positiva en beneficio daqueles terreos forestais que contén cun instrumento de ordenación ou xestión forestal sustentable, que estean vinculados co aproveitamento multifuncional do monte cunha cultura que comporte a produción de madeira de calidade orientada á súa transformación; a utilización de especies frondosas e autóctonas caducifolias e tamén aquelas iniciativas que teñan como finalidade a agrupación ou explotación en común de propiedades e que impliquen una ordenación preventiva dos terreos forestais.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 40644 (09/PNC-003398)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a proliferación en Galicia da avespa asiática e a súa afectación ao sector apícola

BOPG nº 516, do 10.09.2015

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 13 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a realizar as seguintes actuacións en relación coa aparición en Galicia da especie invasora avespa asiática:

1. Realizar una avaliación da extensión da súa presenza e distribución no territorio galego e do eventual impacto na mortalidade de abellas e na desaparición de colmeas.

2. Establecer, en colaboración cos e coas apicultoras, un plan de actuación para mitigar a súa incidencia no sector apícola e paliar as eventuais perdas, así como o establecemento de medidas para evitar a súa proliferación na liña das recomendadas por expertos tales como a instalación de trampas de captura, destruír os niños antes da saída das rañas, eliminación de niños, e calquera outra que se considere oportuna, estudando as medidas que se teñen impulsado noutros lugares nos que tamén se produciu esta problemática e no que os resultados producidos sexan máis positivos.»

- 41622 (09/PNC-003463)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as medidas estacionais que debe implementar o Goberno galego para controlar a poboación da avespa asiática ou velutina

BOPG nº 527, do 30.09.2015

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 13 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que implemente as seguintes medidas estacionais de control sobre a poboación de vespa velutina:

A) Primavera

Prevenção, trampas con atraentes para captura de fundadoras. Introducción de 4.000 novas trampas e 5.000 atraentes. Paralelamente, que haxa un programa de avaliación para ver a eficacia da proposta.

B) Verán

1. Retirada de niños que afecten a seguridade cidadá. Usar o gas sulfuroso SO₂, en vez de insecticidas de síntese.

2. Protección de apiarios e froitas con colocación de cebos con antiqueratinizantes de baixa toxicidade. Paralelamente, o programa de avaliación deberá facer un seguimento para ver a eficacia da proposta.

3. Non usar trampas para non capturar outro tipo de polinizadores.

C) Outono

Colocación de trampas con atraentes para a captura de fundadoras, e feromonas para a captura de machos. O programa de avaliación comprobará a eficacia da proposta.

D) Inverno

É conveniente non usar trampas.

E) Programa de investigación

O plan apícola vai convocar axudas á investigación onde poderá entrar a vespa velutina.

Habería que formar un equipo investigador contando coas universidades para establecer un programa de investigación contando coa achega dos apicultores. Sistemas de loita biolóxica que tamén habería que investigar.»

Rexeitamento da iniciativa

- 35567 (09/PNC-002984)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre a implementación polo Goberno galego dun plan de emprego en materia de investigación, formación e transferencia do coñecemento rural e as medidas que debe recoller BOPG nº 442, do 06.04.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2015

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de outubro de 2015, polo que se acepta a renuncia de Dª María Sol Díaz Moureira como deputada do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Ourense na lista do Partido Popular de Galicia [09/RCDE-000014]

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 13 de outubro de 2015, tomou coñecemento da comparecencia de Dª María Sol Díaz Moureira, en cumprimento do artigo 7 da Lei 8/1985, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e do artigo 21.4 do Regulamento da Cámara, para proceder á súa renuncia expresa á condición de deputada pola provincia de Ourense [09/RCDE-000014].

Considerando que a súa renuncia foi ratificada, de xeito persoal e expreso, pola deputada ante os membros integrantes da Mesa do Parlamento no día da data, a Mesa, por unanimidade, acordou:

1º. Aceptar a renuncia de Dª María Sol Díaz Moureira como deputada do Parlamento de Galicia e declarar vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Ourense na lista correspondente ao Partido Popular de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 21.4 do Regulamento.

2º. Notificar este acordo á interesada, ao portavoz do G.P. Popular de Galicia, á Dirección da Intervención Xeral e Asuntos Económicos, á Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior, ao Servizo de Tecnoloxías da Información e ao Servizo de Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce plenos efectos desde o día 13 de outubro de 2015.

3º. Expedir e remitir certificación dela á Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727